

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DANIEL Y NINA CARRASCO PARA A IMPLEMENTACIÓN DA RED PLANEA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

## MEMORIA DE TRANSPARENCIA

Eu, como director xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARO:

Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten a vontade de asinar un convenio de colaboración coa Fundación Daniel e Nina Carrasco para a implementación da Red Planea na Comunidade Autónoma de Galicia.

Razóns de oportunidade

A oportunidade da sinatura deste convenio vén determinada polo feito de que ambas as partes comparten o interese de fomentar no alumnado o desenvolvemento da creatividade a as capacidades artísticas dentro dun marco de formación integral, fortalecendo así a participación na vida social e cultural da comunidade galega.

Que o Real decreto 592/2014, de 11 de xullo (BOE do 30 de xullo) regula as prácticas académicas externas das e dos estudantes universitarios.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a subscrición dun contrato dos recollidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

E para dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras. asino dixitalmente esta memoria, na data da sinatura dixital.

